

Mary F. Greig Somerville (Escocia, 1780-Londres, 1872)



Matemática, astrónoma e científica autodidacta.

Popularizou a Astronomía e escribiu multitud de ensaios como *Mecanismo dos ceos*, *Xeografía física*, *Sobre a interrelación das Ciencias físicas*.

O seu primeiro éxito foi gañar a medalla de prata pola solución dun problema de ecuacións diofánticas no Mathematical Repository.

A partir de 1835 comeza a recibir recoñecementos públicos:

- Membro Honorario da
 - Real Sociedade de Astronomía.
 - Real Academia de Dublín.
 - Institución Filosófica Británica.
 - Sociedade de Física e Historia Natural de Xinebra.
- Membro da
 - Academia Italiana da Ciencia.
 - Sociedade Italiana de Xeografía.
 - Sociedade Norteamericana de Xeografía e Estatística.
- En 1870 recibe a *Victoria Gold Medal of the Royal Geographical Society*.
- Na súa honra o Somerville College de Oxford mantén vivo o seu legado.

É coñecida como *A raiña das Ciencias do século XIX*.

Pouco antes de morrer dixo:

Teño 92 anos..., a miña memoria para os acontecementos ordinarios é débil, pero non para as Matemáticas ou as experiencias científicas. Aínda son capaz de ler libros de Álgebra superior durante catro ou cinco horas pola mañá, e incluso resolver problemas.

Sobre ela di o naturalista Ch. Lyell:

Se a nosa amiga a señora Somerville tivese casado con Laplace, ou con calquera outro matemático, nunca teríamos oído falar do seu traballo. Estaría fundido co do seu marido, como se todo fose del.